



A Coruña, a 09-05-2017

A dirección do CEIP San Francisco Xabier, diríxese a toda a comunidade educativa para proceder a comunicarlles:

Hoxe tivemos coñecemento dun suceso penoso que custou a vida dun alumno do noso centro. O Claustro e Consello Escolar recolle o sentimento de dor de toda a nosa comunidade e da propia familia do alumno.

En consecuencia e co máximo respecto dos sentimentos familiares determínase que:

- Debemos de continuar coa máxima normalidade posible no desenvolvemento cotiá das actividades lectivas e extraescolares.
- Suspender as actividades complementarias, saídas, desta semana.
- Facer un minuto de silencio mañá mércores ás 11:30 h. Este acto será aberto á participación das familias e realizarase no patio.

Por último solicitamos de todos e todas a maior sensibilidade coa dor pola que está pasando a familia

Agradecendo a vosa implicación,

A Dirección.